

O tribunal cualificador do proceso selectivo convocado por Resolución reitoral do 3 de maio de 2023, (DOG 16.05.2023) para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (espectroscopía IR-Raman), grupo II, pola quenda de promoción interna, da Universidade de Santiago de Compostela, na sesión celebrada o día 29 de xaneiro,

ACORDOU publicar as seguintes instrucións e criterios de corrección:

- A persoa aspirante deberá ir provista do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade.
- Non se permitirá o acceso á aula na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
- O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio se así se precisase. Poderá solicitarse despois da realización do exercicio enviando un correo electrónico á secretaria do tribunal (jesusa.rico@usc.es).
- O exercicio consistirá na realización dun suposto práctico proposto polo tribunal sobre os contidos do programa específico, no que a persoa aspirante deberá demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.
- O tempo máximo para a súa realización será de 60 minutos.
- Puntuarase de 0 a 35 puntos, desagregándose a dita puntuación entre os diferentes apartados do enunciado do suposto práctico. Para superalo será necesario obter un mínimo de 15 puntos.
- Valorarase o grado de acerto, calidade e adecuación das respostas dadas a cada unha das cuestións prácticas formuladas.

A persoa aspirante serán convocada en único chamamento ás 11.00 h diante da Sala de vídeo conferencia (planta 2) no edificio CACTUS.

Santiago de Compostela,

O presidente do tribunal

Pablo Taboada Antelo

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/01/2024 12:06:13.

CSV: 447F-161F-45D5-BF38